




Fermentos vivos na ración das vacas para soportar o estrés térmico

Presentamos os resultados dun novo ensaio segundo o cal a inclusión dun fermento vivo específico para o rume nas racións das vacas leiteiras axuda a manter un bo ambiente no rume e minimiza as perdas de produción de leite durante os períodos de estrés por calor.

Equipo Técnico de Ruminantes
Lallemand Animal Nutrition

Os gandeiros leiteiros poden reducir o impacto do estrés por calor nos seus rabaños incluíndo nas racións un fermento vivo específica para o rume. Esa foi a mensaxe clave dun proxecto de investigación, dirixido por Lallemand Animal Nutrition, levado a cabo en dúas explotacións leiteiras comerciais de Polonia no verán de 2021.

O director de Lallemand nese país, Maciej Piekniowski, afirma que os resultados do ensaio poñen de relevo unha ferramenta que os gandeiros poden utilizar para axudar a protexer os seus rabaños durante os períodos de calor, algo a ter en conta á hora de planificar o verán de 2023.

CONDICIÓN DO ENSAIO

O ensaio púxose en marcha para avaliar o impacto da alimentación do gando leiteiro co fermento vivo *Sacharomyces cerevisiae* CNCM I-1077 de Lallemand, específica para o rume, coñecida co-



mercialmente como Levucell SC, durante períodos de estrés térmico.

O ensaio levouse a cabo durante 82 días en dúas explotacións durante períodos de condicións de estrés térmico moderado, definido como pasar ata 800 minutos, ou 13 horas, ao día baixo estrés térmico. Débese ter en conta que as vacas empezan a expresar signos de estrés por calor a partir dos 21 °C, aínda que as perdas empezan a producirse a partir dos 18 °C.

As vacas leiteiras na metade de lactación dividíronse en dous grupos e equipáronse con bolos de pH ruminal nas dúas granxas que participaron no proxecto. A un grupo de cada granxa, grupo tratamento, adminístróuselle Levucell SC. Ao outro grupo, grupo control, non se lle administrou o fermento vivo.

Durante o ensaio medíronse unha serie de parámetros clave; entre eles, a produción, o pH do rume, a temperatura e a humidade, e a calidade do esterco, e comparáronse entre os dous grupos o control e o tratamento, Levucell SC.

RESULTADOS DOS ENSAIOS

A análise dos datos rexistrados durante os 82 días de proba mostra un claro beneficio de alimentar o gando con Levucell SC. Os datos mostran que a inclusión do fermento vivo na dieta axudou a aumentar o pH ruminal do gando do grupo de tratamento.

O pH medio do retículo nos grupos tratados foi de 6,23, fronte ao 6,06 dos grupos de control, mentres que o pH mínimo do retículo foi 0,15 máis alto nos grupos tratados, con 6,04.

Ademais, a análise do pH do rume ao longo de todo o período mostra que a cantidade de tempo que o gando pasou en acidose durante o período de estrés por calor foi moito menor no grupo tratado con Levucell SC.

En canto á función do rume, na análise do esterco das vacas que participaron no ensaio, mostrouse unha diminución da cantidade de partículas de alimento non dixeridas no esterco dos animais alimentados con Levucell SC. Isto demostra que, en xeral, a inclusión do fermento vivo, CNCM I-1077 axudou a mellorar a dixestibilidade da fibra para o gando do grupo de tratamento.

Por último, a análise dos datos de produción leiteira diaria mostra un incremento da produción leiteira para os do grupo Levucell SC en cada explotación: un aumento de 0,6 kg ata 33,9

kg nunha explotación e un aumento de 0,7 kg ata 34,7 kg na outra.

A comparación dos rendementos lácteos medios antes e durante o período de estrés térmico tamén mostra unha diminución da perda de produción de leite durante o período de estrés.

A produción diaria de leite diminuíu en 1,3 kg no grupo de control durante o período de estrés térmico, en cambio só se reduciu en 0,4 kg no grupo de vacas ás que se administrou Levucell SC.

Os resultados do ensaio puxeron de manifesto que Levucell SC pode utilizarse como ferramenta para axudar o gando durante os períodos de estrés térmico.

Así mesmo, o ensaio demostrou que o gando ao que se lle administrou o fermento vivo específica para o rume de Lallemand experimentou un aumento da produción de leite e do pH do rume, o que se traduciu nunha menor cantidade de partículas de alimento sen dixerir nos seus excrementos.

Finalmente, o ensaio tamén demostrou que en períodos de desafío por estrés térmico a inclusión do fermento vivo na dieta non só mellorou a contorna ruminal do gando do grupo Levucell SC, senón que tamén limitou calquera perda na produción de leite durante o período de desafío. ■

▶ A PRODUCCIÓN DIARIA DE LEITE DIMINUÍU EN 1,3 KG NO GRUPO DE CONTROL DURANTE O PERÍODO DE ESTRÉS TÉRMICO, EN CAMBIO SÓ SE REDUCIU 0,4 KG NO GRUPO DE VACAS ÁS QUE SE ADMINISTROU LEVUCCELL SC

DATOS CLAVE DO ENSAIO

- Ensaio en dúas granxas de Polonia durante 82 días no verán de 2021.
- Grupo de tratamento ao que se administrou o fermento vivo *Saccharomyces cerevisiae* CNCM I-1077 específico para o rume de Lallemand, coñecida comercialmente como Levucell SC.
- O pH do rume foi superior nas vacas que recibiron Levucell SC; o pH medio do retículo foi 0,17 superior no grupo Levucell SC (6,23).
- A análise do esterco mostra menos partículas de alimento sen dixerir no esterco do gando ao que se administrou Levucell SC.
- A produción diaria de leite é superior no grupo de tratamento nunha media de 0,65 kg.
- A perda de produción de leite durante o período de estrés térmico foi de 0,4 kg no grupo tratamento, Levucell SC, fronte a 1,3 kg no grupo control

Disponemos de todo lo que necesita para **AUMENTAR** la **PRODUCTIVIDAD** de sus vacas y **REDUCIR** los **COSTES ENERGÉTICOS**:

- VENTILADORES: 0 – 100% y VELOCIDAD VARIABLE
- RIEGO por ASPERSIÓN o por PULVERIZACIÓN
- REFRIGERACIÓN EVAPORATIVA
- CORTINAS CORTAVIENTOS
- REGULACIÓN y CONTROL

Estructuras metálicas y de hormigón Aislamientos térmicos



**SERVICIO DE
URGENCIAS 24H
365 DÍAS**

Refrigeración



**SABER HACER, RESPONSABILIDAD Y
GARANTÍA DE PRODUCTIVIDAD**



De 3 a 7 m. diámetro

Circulación de aire



Dairy Fan



Brasseur TB
Air Blower TB
Recirculador de aire TB



Ventilateur Châssis
"Wall-mounting" fan
Ventilador "de pared"




Basket Fan

Cortavientos automatizados



Aspersión y nebulización (INOX, LATÓN o PVC)



Regulación y control



Bloc de puissance
Power converter
Convertidor de potencia



Thermostat simple ou à étages
Single or multi-stage thermostat
Termostato de una fase o multi-fase



Variateur manuel
Manual controller
Variador manual




Régulation progressive
Progressive control
Regulación progresiva



Régulation par palier
Step control
Regulación de paso



**TODO PARA SU
EXPLOTACIÓN
GANADERA**



**TESTAMOS Y CERTIFICAMOS
TODOS NUESTROS EQUIPOS**

WWW.ICEXGA.COM



Telf. móvil: (+34) 650 44 38 47

Telf. oficina: (+34) 988 04 30 31



ICEXGA SLU

INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN DE
EXPLOTACIONES GANADERAS S.L.U.